


Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Aprobado pola Xunta de Galicia, s/n
Goberno Local na sesión realizada o 30 de abr. de 2013
data ...30... de ...abril... de 2013
DOU FE. O Secretario Xeral,
correlo e correo@boiro.org
sitio web: www.boiro.org

N.º R.E.L.: 01150119

CONCELLO DE BOIRO



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO DO CIM DE BOIRO.

1. OBXECTO E PRAZO.

1.1 O presente prego ten por obxecto a contratación do servizo de asesoramento xurídico do CIM do Concello de Boiro, tal e coma se detalla no prego de cláusulas administrativas, (PCA), no prego de prescripcións técnicas PPT, e no cadro de características deste contrato.

O servizo incluíra as seguintes prestacións:

- a) Información e asesoramento xurídico.
- b) Participación nas actividades do Centro de Información ás Mulleres.
- c) Colaboración na elaboración de memorias e documentos.

1.2. Segundo a clasificación de produtos por actividades o obxecto deste contrato correspón dese cos seguintes códigos:

CPV : 85312300-2 , servizos de orientación e asesoramento.

1.3. O prazo de duración deste contrato é de oito meses, contados a partir do inicio da prestación, que terá lugar o día un do mes seguinte a formalización do contrato administrativo. Será prorrogable por mutuo acordo das partes por igual período. Establécese un período de garantía de un ano dende a finalización dos traballos, durante os cais o Concello poderá requirir á empresa adxudicataria para os efectos de aclarar cantos extremos precisense acerca destes.

2. RÉXIME XURÍDICO.

2.1. Este contrato ten carácter administrativo e rexerase polo establecido neste prego e polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro de 2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector (en adiante TRLCSP), e polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLCAP) e demás lexislación aplicable.

2.2. A presente contrata adxudicarase por procedemento negociado sen publicidade de acordo ó establecido nos artigos 174.e) e 177.2. do TRLCSP e o expediente seguirá a tramitación ordinaria prevista no artigo 109 da mesma norma.

3. ORZAMENTO, EXISTENCIA DE CRÉDITO, IMPOSTOS E REVISIÓN DE PREZOS.

3.1. O orzamento base de licitación é de catro mil euros con vinte e catro céntimos (4.000,00 €), de acordo ao seguinte desglose, que serán abonados ó contratista de acordo ó disposto no artigo 216 do TRLCSP, por facturas mensuais, prorroteándose o prezo do contrato polos meses de duración do mesmo. previa presentación da correspondente factura cos requisitos legais:



CONCELLO DE BOIRO

- a. prezo sen IVE: tres mil e cincuenta e cinco euros con setenta e nove céntimos (3.305,79€).
 - b. IVE: oitocentos corenta euros (840,00€).
 - c. prezo con IVE: catro mil euros con caro un céntimos (4.000,01 €).

3.2. As obrigas económicas que se derivan do cumprimento deste contrato realizaranse con cargo á partida orzamentaria 231.227.06

3.3. A tódolos efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o IVE e demais tributos que lle sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes, sen perxuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co artigo 87.2 do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego .

3.4. O prezo do contrato poderá revisarse de acordo co Índice de Prezos o Consumo (IPC) de Galicia, sen que a revisión poda superar o 85% da variación experimentada polo índice adoptado, ó abeiro do previsto no artigo 90.3 do TRLCÁP.

4. REQUISITOS DAS E DOS PARTICIPANTES.

Poderán presentar solicitude de participación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, de acordo ó establecido na cláusula 5.5.f) e g) deste prego.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as únions de empresarios que se constitúan temporalmente ó efecto e de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que componen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos eles fronte á administración e que asumen o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas (artigo 24 do RXLCAP). O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas componentes da unión.

5. DOCUMENTACIÓN E OFERTAS.

5.1. Todas as persoas naturais ou xurídicas invitadas polo órgano de contratación a presentar oferta, de acordo ó establecido nos artigos 169, 174 e 178 do TRLCSP, poderán facelo presentando a documentación que se relaciona nos apartados seguintes.

5.2. Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa oferta, calquera que sexa o número de dependencias onde esta poda ser presentada. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras, se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención deste principio dará lugar automaticamente á inadmisión de todas as presentadas por el.

5.3. A presentación da oferta presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa administración.



Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax. 981 844 008

Nº R.E.L. 01150119

Aprobado pola Xunta de Galicia, s/n
15530 BOIRO (A Coruña) Correo@boiro.org
Goberno Local na sesión realizada o 30 de setembro de 2013
data 30 de setembro de 2013
DOU FE. O Secretario Xeral,
CONCELLO DE BOIRO
SECRETARIO

CONCELLO DE BOIRO

5.4. O licitadores presentarán dous sobre: **Sobre A** denominado **Documentación Administrativa**; **Sobre B** denominado **Proposición**. Ambos sobre deberán presentarse pechados e assinados polo licitador ou persoa que o represente e no exterior dos mesmos deberá figurar:

- A razón social ou denominación do licitador.
- CIF ou NIF do licitador.
- Enderezo, número de teléfono e número de fax do licitador.
- Identificación do sobre, é dicir, **Sobre A** ou **B**, coa súa denominación, isto é, **Documentación administrativa** ou **Proposición**, respectivamente.
- O título do Procedemento, é dicir, “**Procedemento negociado sen publicidade convocado polo Concello de Boiro para a adxudicación do contrato de asesoramento xurídico do CIM de Boiro”**

5.5. Documentación administrativa, **Sobre A**: Neste sobre deberán incluirse obrigatoriamente os seguintes documentos orixinais ou mediante copias debidamente compulsadas, conforme á lexislación vixente:

- a. A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas acreditarase mediante escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos o acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A Capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuram inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Asemade deberán xustificar, mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma sustancialmente análoga e presentar documento acreditativo de que a Empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que está inscrita no Rexistro Mercantil (artigo 66.2 TRLCSP).

No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada.

- b. Código de Identificación Fiscal.
- c. Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 60 do TRLCSP, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado (artigo 73 TRLCSP), seguindo o modelo que se insire a continuación:
- <>Don/dona....., con documento nacional de identidade número, domiciliado en, actuando en nome propio/en representación de, código de identificación fiscal número, domiciliada en



Teléfonos:
981 844 800
981 849 980 probado pola Xunta de
Fax. 981 844 8002 Gobierno Local na sesión realizada con
data 30 de setembro de 2013
DOU FE. O Secretario Xeral,
Nº R.E.L. 01150119

Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

....., en calidade de, no procedemento de licitación do
contrato de servizos de asesoramento xurídico do CIM de Boiro

DECLARO, primeiro, que nin a empresa, nin os seus administradores, nin os seus órganos de dirección, están incursos en ningunha das prohibicións para contratar coa administración ou incompatibilidades establecidas no artigo 60 do TRLCSP; segundo, que a empresa está ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Lugar, data e sinatura do declarante. Ante min, o/a>>

Esta declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, a da Comunidade Autónoma de Galicia e a do Concello de Boiro, e coa Seguridade Social impostas, ou ben acreditarse mediante as certificacións administrativas correspondentes. Sen perxuizo, que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes de la adxudicación polo empresario a cuxo favor vaiase efectuar ésta, no prazo de dez días hábiles dende o requerimento.

- d. Dirección de correo electrónico.
- e. Poder bastante ó efecto a favor da persoa que compareza ou asine proposicións en nome de outro. Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición en Rexistro Mercantil, de acordo co artigo 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil. O bastanteo deberá realizarse pola secretaría do Concello de Boiro ou funcionario habilitado, en horario de nove (9) a catorce (14) horas de luns a venres.
- f. Documento nacional de identidade do apoderado ou apoderados.
- g. Os que xustifiquen os requisitos de solvencia económica e financeira, mediante declaracíons apropiadas de entidades financeiras ou mediante o último recibo de pagamento e póliza dun seguro de indemnización por riscos profesionais que en todo caso deberá ter como capital mínimo asegurado 300.000,00 €.
- h. Os que xustifiquen os requisitos de solvencia técnica ou profesional mediante os medios os que se refire o artigo 78.a), e) do RXLCAP:
 - A) Mediante unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos relacionados co obxecto do presente contrato que inclúa o importe, debendo ser igual ou superior que o prezo do contrato, as datas e ou destinatario, público ou privado, deles. Acompañaranse dos certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario do servizo fose unha entidade do sector público ou, cando o destinatario fose un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste.
 - B) Licenciatura en dereito da persoa ou persoas que desenvolverán a prestación obxeto do contrato e figure inscrito nos colexios oficiais de avogados. O medio de acreditación será a achega de copia compulsada do título e da certificación do colexio correspondente.
 - C) Persoa ou persoas que desenvolverán a prestación obxeto do contrato deberá contar con formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades e experiencia profesional acreditada.
- i. No caso de que o licitador prevea a subcontratación con terceiros de parte dos traballos, indicarase o nome daqueles, referencias e porcentaxes desta/s subcontrata/s sobre o orzamento total (artigo 227 TRLCSP).
- j. As unións temporais de empresas deberán indicar os nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de se constituír formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 24.2 do RXLCAP.
- k. No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o artigo 145 do TRLCSP e o artigo 86 do RXLCAP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, e constará este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.



Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax. 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia, s/n
X5930230100 (A Coruña)
Aprobado pola Xunta Local na sesión realizada o 20 de setembro de 2015
Goberno Local na sesión realizada o 20 de setembro de 2015
data 20 de setembro de 2015
DOU FE. O Secretario Xeral,
CONCELLO DE BOIRO

CONCELLO DE BOIRO

- l. As empresas estranxeiras achegarán unha declaración expresa de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois en calquera orde, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante (artigo 146.1.d. TRLCSP).
- m. Unha relación de tódolos documentos incluídos neste sobre.

5.6. Aínda que no presente contrato non é necesaria a acreditación de estar en posesión de clasificación, de ser así e caso de presentarse o documento xustificativo da mesma, quedará xustificada con elo a solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixible para participar no procedimento. A clasificación acreditarase mediante certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda ou do órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia acompañada dunha declaración responsable, asinada polo solicitante ou persoa que o represente, na que manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación (artigo 146.3. do TRLCSP).

5.7. Os licitadores que estén inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 328 do TRLCSP e a declaración antes referenciada prevista no artigo 146.3. do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

5.8. As empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación Provincial da Coruña, do Rexistro de contratos e do Rexistro de convenios, publicada no BOP núm. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados na cláusula 5.5. apartados a), b), c) agás no referente ó cumprimento das obrigas tributarias coa facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a do Concello de Boiro si presentan os certificados, d), e), e k) sempre que os citados documentos estén vixentes. Para estes efectos acompañarase o informe do Rexistro de inscrición coa indicación do número co que está inscrita a dita empresa no Rexistro.

5.9. Tódolos documentos relacionados nos apartados 5.5., 5.6., 5.7. e 5.8. da presente cláusula poderán presentarse orixinais ou mediante copias dos mesmos debidamente autenticadas, conforme á lexislación vixente.

5.10. Proposición, Sobre B

B: Conterá en primeiro lugar a proposición redactada conforme ó modelo que se insire a continuación:

- "Don/Dona con DNI número natural de provincia de maior de idade e con domicilio en rúa teléfono actuando en nome (propio ou da empresa á que represente), manifesta que, remitida invitación para participar no procedimento negociado sen publicidade convocado polo Concello de Boiro para contrato de servizos de asesoramento xurídico do CIM de Boiro, conforme con tódolos requisitos e condicións que se esixen no prego de cláusulas administrativas que rexerán dito procedemento e na representación que ostenta comprométese:

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960

Fax: 981 844 008
Aprobado pola Xunta de

Goberno Local na sesión realizada con

Nº R.E.L. data 30 de setembro de 2008

DOU FE. O Secretario Xeral,



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

Primeiro.- A realización do servizo por un importe de:

- A. prezo sen IVE: euros (en letra e número).
B. IVE: euros (en letra e número).
C. TOTAL: euros (en letra e número).

Segundo.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato.

Lugar, data e sinatura.>>

En segundo lugar as melloras propostas polo licitador de seu caso e a sua valoración económica.

6. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNNS.

6.1. De conformidade co disposto no artigo 146 do TRLCSP o órgano de contratación solicitará ofertas a empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sen que o seu número sexa inferior a tres, sempre que iso sexa posible.

6.2. As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Boiro ubicado na Praza de Galicia, s/n , 15930, Boiro, durante o prazo de oito (8) días naturais, contados desde a recepción da invitación, en horario de nove (9,00) a catorce horas (14,00), de luns a venres, e de nove (9,00) a trece (13,00) horas os sábados.

6.3. Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, oito (8) días naturais, seguintes á data indicada, sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

7. GARANTÍA PROVISORIA.

Non se esixe a constitución de garantía provisoria de acordo co artigo 103 do TRLCSP.

8. PERFIL DO CONTRATANTE.

No enderezo de internet <http://www.boiro.org>, de conformidade co disposto nos artigos 142, 1451, 1154 e 177.2, publicarase, a adxudicación e a formalización do presente contrato.

9. MESA DE CONTRATACIÓN.

Dado que non se supera o importe de 60.000 €, de acordo ó artigo 320 da LCSP, non é precisa a constitución de mesa de contratación, sendo o órgano de contratación o que negociará os aspectos recollidos na cláusula 11 deste prego cos licitadores.



Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008

Nº R.E.L. 01150119

Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org

Aprobado por Páxinx web www.boiro.org
Goberno Local na sesión realizada con
data 30 de abr. de 2013
DOU FE o Sindicato APRIL

CONCELLO DE BOIRO

10. APERTURA DAS PROPOSICIONES.

10.1. Rematado o prazo para presentar as ofertas, o órgano de contratación procederá, en primeiro lugar, ó exame da documentación incluída no sobre A. Os efectos, ordenará a apertura deste sobre. Se observase defectos materiais na documentación presentada comunicarao por fax ós interesados, ademais farase público a través dun anuncio que se colocará no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e concederá un prazo non superior a tres (3) días hábiles para que o licitador emende o erro.

Cualificada a documentación administrativa e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, pronunciarase expresamente sobre os solicitantes admitidos, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

10.2. En segundo lugar, o órgano de contratación procederá á apertura dos sobre B, ós efectos de valorar os aspectos obxecto de negociación relacionados na cláusula 11 podendo solicitar cantos informes técnicos considere pertinentes ós efectos dunha correcta valoración das ofertas presentadas.

Se algúna proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada en resolución motivada.

10.3. O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios que figuran no presente prego.

10.4. A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente faculta ó órgano de contratación para que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituir a garantía provisoria, poderase esixir dito importe mediante o procedemento de constrinximento.

10.5. As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente. Adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se puxeren, a documentación administrativa, incluída no Sobre A, quedará á disposición dos interesados.

11. ASPECTOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN.

O contrato adxudicarase á proposta máis vantaxosa que se determinará en función dos seguintes criterios, relacionados de forma decrecente por orde de importancia:

- Melloras e variantes ofertadas. De 0 a 4 puntos.

Incremento do tempo de servizo semanal, valorándose en 1 punto cada media hora semanal.

- Oferta económica. De 0 a 6 puntos.

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
E-mail: 981 844 800

981 844 880
981 849 960
Fax, 981 844 0080 bado pola Xunta de
Goberno Local na sesión realizada con
data de de 2013
N.R.E.L. 01150119 DOU FE. O Secretario Xeral,




Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

~~Valorarase aplicando a seguinte fórmula:~~

Pontos=baixa da oferta/maior baixa por 6

12. CLASIFICACION DAS OFERTAS.

12.1 O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas, que non foran declaradas desproporcionados ou anormais. Para a realización de dita clasificación atenderá os criterios de adxudicación establecidos neste prego na cláusula 11, pudendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes.

12.1. Recibidos os informes o órgano de contratación requerirá o licitador que presente a oferta economicamente mais vantaxosa para que no prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que houbera recibido o requerimento, presente a documentación xustificativa de atoparse o corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice o órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación destes extremos, de dispor efectivamente dos medios comprometidos a adicar ou adscribir a execución do contrato consonte o artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e de ter constituída a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP.

12.3 De non cumprimentarse axeitadamente o requiremento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a oferta, procedéndose, no seu caso, a recabar esta mesma documentación do licitador seguinte.

13. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

13.1. No prazo de cinco (5) días hábiles seguintes a recepción da documentación o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato, non poderase declarar deserta a licitación cando exista unha oferta ou proposición que sexa admisible segundo os criterios que figuran neste prego.

13.2.Este acordo de adxudicación será motivado e notificarase a todos os licitadores simultaneamente e será publicado no perfil do contratante do Concello de Boiro, (<http://www.boiro.org>),esta notificación axustarase o sinalado no artigo 151 do TRLCSP coas modificacións introducidas o mesmo pola Lei 34/2010.

14. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

14.1. O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo dos dez (10) días hábiles seguintes a contar dende a data da adxudicación; constituído dito documento título suficiente para o acceso a calquera rexistro público. O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, sendo o seu cargo os correspondentes gastos.

14.2. No caso de que o contrato fora adxudicado a unha unión temporal de empresas deberán estas acreditar a súa constitución en escritura pública e NIF asignado á agrupación dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

14.3 A formalización deste contrato será publicada no perfil do contratante, (<http://www.boiro.es>), indicando como mínimo os datos da adxudicación.

15. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO DURANTE A EXECUÇÃO DO CONTRATO.



Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008


N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

Aprobado pola Xunta de
Goberno Local na sesión realizada con
o día 30 de outubro de 2013

DÚX FE. O Secretario Xeral.




O contrato executarase con suxección ás cláusulas do mesmo e de conformidade coas instrucións que para a súa interpretación dese ó contratista a Administración. Durante a súa execución o contratista queda obrigado a:

- Ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.
- Ao cumprimento do prazo de execución, debendo de respetar o día e horario siunalado coma de presencia no Concello e atención o público
- A perda da garantía ou dos importes das penalidades, non exclúen a indemnización por danos e prexuízos a que poida ter dereito o concello, orixinados pola demora do contratista.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá interpelación ou intimación previa por parte do Concello.

- Respectar o carácter confidencial daquela información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento da información.
- Asignar á execución dos traballos, ó persoal cuios nomes figuren na súa oferta, coa dedicación definida na mesma, así como os medios materiais que tamén figuren naquela. O incumprimento desta obriga de adscrición considerarase incumprimento de obriga esencial de acordo ó disposto no artigo 223. g) do TRLCSP.
- Obtención de licencias e autorizacións , que requira a prestación do servizo.
- Indemnización dos danos e prexuízos que se causen, tanto a administración coma a terceiros, coma consecuencia das operacións de execución do servizo, salvo nos casos nos que derive dunha orde directa e inmediata da administración da que se terá constancia no expediente.
- Realizará as seguintes tarefas:

- Información e asesoramento xurídico.
- Participación nas actividades do Centro de Información ás Mulleres.
- Colaboración na elaboración de memorias e documentos.

- Respetará os seguintes principios de actuación:

- anonimato na identidade das usuarias, salvo decisión en contrario destas.
- O respecto á vontade das usuarias na busca das posibles solucións e alternativas ás consultas expostas.
- A gratuidade de todos os servizos que se houberan de prestar, e todo iso atendendo á vocación de servizo público.

Teléfonos:
981 844 800 aprobado pola Xunta de
Goberno Local na sesión realizada con
Fax, 981 844 008 data ..20.. de ..08.. de 2013
DOU FE. O Secretario Xeral,



N.º R.E.L. 01150119

Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org



CONCELLO DE BOIRO

- O respecto ao principio de confidencialidade por parte do persoal do Centro de Información ás Mulleres, que garantirá a privacidade das comunicacións, salvo vontade en contra das usuarias.

- j. Comunicar ó Concello calquera imprevisto que poida xurdir.
- k. Manterse dado de alta no Colexio de Avogados todo o tempo que dure a presente licitación.
- l. Non exercer como letrado/a das usuairias do servizo

16. RESPONSABILIDADE. DANOS

O contratista será responsable da calidad técnica do evento así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros por vicios ou defectos nos elementos empregados, na falla de adopción das medidas de seguridade necesarias ou no incumprimento da normativa aplicable ós actos que se desenvolvan.

17. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

17.1. Se durante o desenvolvemento do traballo, se detectase a necesidade da súa modificación, actuarase na forma prevista no artigo 219 do TRLCSP nos casos e na forma prevista no título V do libro I e de conformidade co procedemento previsto no artigo 211, polo que só procedera a modificación nos supostos previsto no artigo 107 do TRLCSP.

17.2. Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización do calendario de traballos e reaxuste da garantía definitiva si implica variación no prezo.

17.3 No caso de producirse unha suspensión do contrato, estarase ó estipulado no artigo 220 do TRLCSP e normas de desenvolvemento, levantándose a correspondente acta de suspensión.

18. PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía do presente contrato será de tres meses desde a finalización do prazo do mesmo . Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía procederase á devolución da garantía definitiva, de acordo ó previsto nos artigos 102 e 222 da LCSP.

20. RESPONSABLE DO CONTRATO.

Designase coma responsable do contrato a dona Milagros Tubío Chouza, a que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

21. PENALIDADES.

O Concello poderá imponer sancións polas infraccións que cometá o contratista.

As sancións serán impostas por decreto da alcaldía despois de instruir o correspondente expediente no que constarán as seguintes actuacións:



Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax. 981 844 008

N.º R. E. L. 01150119

Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

- informe dos servizos municipais dando conta dos feitos.
- audiencia o contratista por un prazo mínimo de 10 días hábiles.

A) INFRACCIONES.

As infracciones que poden dar lugar a sancions son as seguintes:

A.1.- Infracciones moi graves.

- A demora no comezo da prestación do servizo por prazo superior a 10 días.
- A prestación manifestamente defectuosa ou irregular do servizo, expresada en dous informes sucesivos da responsable.
- A desobediencia reiterada, en máis de dúas veces, respecto da mesma cuestión. As ordes escritas da alcaldía relativas o orde, forma e réxime do servizo.
- O cesamento da prestación do servizo sen causa xustificada.
- O incumprimento dos compromisos asumidos contractualmente sobre o incremento de horas de presenza física.
- Exercer como letrado das usuarias do servizo.
- A comisión de tres faltas graves no período dun ano.

As infracciones moi graves terán a consideración de obligacións de carácter esencial de conformidade co disposto no artigo 118 do TRLCAP.

A.2.- Infracciones graves.

- O incumprimento de acordos ou decisións municipais sobre variacións do servizo que non impliquen gastos para o contratista.
- As irregularidades inadmisibles na prestación do servizo.
- O incumprimento das obrigas laborais, fiscais e de Seguridade Social co personal adscrito ós servizos.

B) SANCIONES.

Por cada un dos incumplimentos leves imporase unha sanción de ata 500 €.

Polos incumplimentos graves imponeranse penalidades entre 501 e 2.000 euros.

Polos incumplimentos moi graves imponeranse sancions en cuantía comprendida entre 2.001 e 6.000 €, ou a resolución do contrato cos efectos previstos no TRLCSP.

22. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E XURISDICIÓN.

22.1. O órgano de contratación ostenta as prerrogativas de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrece o seu cumprimento, modificar, por razóns de interese público, os contratos e acordar a sua resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados no Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, de contratos do sector público e no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

Aprobado pola Xunta de
Goberno Local na sesión realizada con
dia 30 de outubro de 2013

DOU FE. O Secretario Xeral,

[Signature]



Telefonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
página web: www.boiro.org

Nº R.E.L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

Os acordos que dicte o órgano de contratación, previo informe da asesoría xurídica, no ejercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución serán inmediatamente executivos.


22.2. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación competente. Tales acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos poderase interpoñer, ante o mesmo órgano que dictou o acto, o recurso potestativo de reposición, previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó de recepción da notificación do acordo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente. Nos supostos a que se refire o artigo 37 do TRLCSP os interesados deberán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.

Boiro, 25 de abril de 2013.

O Alcalde,

Asdo. Juan José Dieste Ortigueira.

Aprobado pola Xunta de
Goberno Local na sesión realizada con
data 20 de abril de 2013
DOU FE. O Secretario Xeral,





Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008

Nº R. E. L. 01150119

Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
Página web: www.boiro.org

Aprobado pola Xunta de
Goberno Local na sesión realizada con
data 20 de outubro de 2013
DOU FE. O Secretario Xeral,

CONCELLO DE BOIRO



CADRO DE CARÁCTERISTICAS DO CONTRATO

1. PODER ADXUDICADOR:

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE: CONCELLO DE BOIRO	Órgano de contratación: XUNTA DE GOBONO LOCAL	Tipo de procedemento	NEGOCIADO
		Publicidade:	NON
		Tipo de contrato:	SERVIZOS
		Tramitación:	ORDINARIA
Criterios Adxudicación:			A) Melloras e variantes ofertadas. De 0 a 4 puntos. Incremento do tempo de servizo semanal, valorándose en 1 punto cada media hora semanal. B) Oferta económica. De 0 a 6 puntos.

2. OBXECTO DO CONTRATO: ASESORAMENTO XURÍDICO CIM

CPV: 85312300-2	DESCRIÓN DE CPV: servizos de orientación e asesoramento.
-----------------	----------------------------------------------------------

3. IMPORTE DO CONTRATO

IMPORTE NETO: tres mil cento sesenta euros con dezanove céntimos (3.160,19€).	IVE (%):oitocentos corenta euros con cinco céntimos (840,00%).	IMPORTE TOTAL: catro mil euros con vinte e catro céntimos (4.000,00 €).
-------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------

ANUALIDADES: UNHA PRORROGABLE

EXERCICIO: 2013 EXERCICIO: EXERCICIO: EXERCICIO:

REVISIÓN DE PREZOS: O prezo do contrato poderá revisarse de acordo co Índice de Prezos o Consumo (IPC) de Galicia, sen que a revisión poda superar o 85% da variación experimentada polo índice adoptado, ó abeiro do previsto no artigo 90.3 do TRLCAP.

4. FINANCIAMENTO: FONDOS PROPIOS. PARTIDA

5. PRAZO DE EXECUCIÓN: OITO MESES PRORROGABLE POR OUTROS OITO.

6. GARANTÍAS

PROVISIONAL: NON	
DEFINITIVA: SI	5% do importe de adxudicación.

7. MESA DE CONTRATACIÓN: NON

8.PRAZO DE GARANTÍA	UN ANO.
---------------------	---------

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960

Aprobado pola Xunta de
Fax, 981 844 008
Goberno Local na sesión realizada con
data 30 de setembro de 2013
Nº R.E.L. 011 BOUFE. O Secretario Xeral,



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
página web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

9.PRAZO PRESENTACIÓN DE OFERTAS:	ONTO (8) días naturais, contados desde a recepción da invitación, en horario de nove (9,00) a catorce horas (14,00), de luns a venres, e de nove (9,00) a trece (13,00) horas os sábados.		
10.PARTIDA	231.227,06		